



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 12 DE MARZO DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se aproban os estatutos do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.
- Decreto polo que se aproba o cambio de denominación dos Colexios Oficiais de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros de Edificación da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, que pasan a denominarse Colexio Oficial da Arquitectura Técnica da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, respectivamente.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Ames do treito da estrada AC-543 comprendido entre o punto quilométrico 6+250 e o punto quilométrico 8+390.
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto construción: "Mellora da capacidade e seguridade da AC-862. Treito: AG-64 - Ponte Mera", de clave: AC/18/014.10, nos concellos de San Sadurniño, Moeche e Cerdido (A Coruña).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Decreto de creación do colexio de educación infantil e primaria Novo Mesoiro, no concello da Coruña.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se adoptan medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia da coronavirus COVID-19.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se aproba o Protocolo de actuación para o persoal empregado público da Administración da Xunta de Galicia en relación co coronavirus.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Catedral de Santiago para a mellora da atención aos peregrinos e visitantes, por importe de trescentos mil euros (300.000€).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (CTG) para o impulso do asociacionismo no sector turístico de Galicia, por importe total de cento noventa e cinco mil euros (195.000€), e polo que se autoriza a exención da obriga de constituír garantía nos pagos anticipados e a conta.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e a Fundación Internacional Josep Carreras para a loita contra a leucemia, por importe de oitocentos cinco mil euros (805.000€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Servicio Vasco de Salud-Osakidetza para a distribución de máscaras sanitarias por importe de douscentos trinta e dous mil setenta e oito euros (232.078€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, e a eximir da obriga de constituír garantías, na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o fomento da gratuidade da atención educativa para segundos fillos ou fillas e sucesivos/as en escolas infantís 0-3 de titularidade privada, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento BS420C). Importe: seis millóns cincocentos mil euros (6.500.000€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Informe sobre a ampliación do crédito existente para a concesión das axudas para a adquisición de vehículos adaptados a persoas con mobilidade reducida (Eurotaxi), vehículos taxi de emisións cero e vehículos taxi ECO.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o programa de formación “Camiño de Santiago”.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre Concilia + empresa.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o Plan estratéxico de formación agraria de Galicia.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE DECRETO DOS ESTATUTOS DO COLEXIO PROFESIONAL DE XORNALISTAS DE GALICIA

- **Conta na actualidade con 1.043 colexiados. Terá demarcacións na Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo**
- **Os estatutos hoxe aprobados establecen as funcións do Colexio, requisitos para a colexiación, así como deberes e dereitos dos colexiados, entre outros**
- **A colexiación será única en todo o territorio nacional de conformidade co art. 3.3 da Lei 2/1974, sobre colexios profesionais**
- **O Consello da Xunta tamén deu o visto bo ao decreto polo que se aproba o cambio de denominación dos Colexio Oficial da Arquitectura Técnica da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra**

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao proxecto de decreto polo que se aproban os estatutos do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, que conta na actualidade con 1.043 colexiados. Contará coas demarcacións da Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

O Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia é unha corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para cumprimento dos seus fins, creada pola Lei 2/1999 do 24 de febreiro, do Parlamento de Galicia. A colexiación será única en todo o territorio nacional de conformidade co art. 3.3 da Lei 2/1974 sobre colexios profesionais.

As funcións do Colexio son afondar na mellora das condicións nas que os xornalistas levan a cabo o seu traballo; a defensa profesional dos seus membros perante a Administración, institucións, tribunais, entidades e particulares; garantir a independencia e liberdade informativa en beneficio da sociedade galega; defender o dereito a liberdade de información e de expresión garantidas a toda a cidadanía; salvagardar a sociedade de informacións que tendan a deformar voluntariamente a realidade dos feitos, ademais de poñer especial acento na defensa do segredo profesional e na aplicación da cláusula de conciencia, como tamén recolle a Constitución, entre outros.

Os membros do Colexio Profesional terán entre os seus dereitos, a defensa dos seus dereitos profesionais diante das autoridades, entidades, empresas; atención pola Xunta de Goberno nunha situación de conflito, asesoramento xurídico para os problemas derivados do exercicio da profesión. Entre os seus deberes os estatutos recollen que deberán exercer a profesión conforme a ética periodística, o código deontolóxico publicado na páxina web do Colexio e manter o segredo profesional.

O CPXG disporá dunha páxina web para que, a través do portelo único, o conxunto de xornalistas poida realizar todos os trámites necesarios para a colexiación, o seu exercicio e a baixa no Colexio, a través dun punto único, por vía electrónica e a distancia.



Cambio denominación Colexio Oficial da Arquitectura Técnica da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra

O Consello da Xunta tamén deu o visto e prace ao decreto polo que se aproba o cambio de denominación dos Colexios Oficiais de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros de Edificación da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, que pasan a denominarse Colexio Oficial da Arquitectura Técnica da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, respectivamente.

Así, aprobouse a modificación da denominación dos Colexios Oficiais de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros de Edificación da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, que pasan de denominarse Colexio Oficial da Arquitectura Técnica da Coruña, Colexio Oficial da Arquitectura Técnica de Lugo, Colexio Oficial da Arquitectura Técnica de Ourense e Colexio Oficial da Arquitectura Técnica de Pontevedra.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE AMES DO TRAMO DA ESTRADA AC-543 EN BERTAMIRÁNS

- ***A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello asinaron un convenio de colaboración para o acondicionamento dun treito de máis de 2 Km desta vía, entre a rotonda da autovía AG-56 ata o límite co municipio de Brión***
- ***O Goberno galego achega un investimento de máis de 140.000 euros para financiar as obras que executará o Concello, que tamén acepta a transferencias do treito***
- ***A transferencia será efectiva o día seguinte ao da publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia***
- ***Con esta colaboración o Goberno galego trata de fomentar investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, favorecendo actuacións que acheguen unha maior calidade de vida á cidadanía***

O Consello da Xunta aproba o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Ames, do treito da estrada AC-543, entre os puntos quilométricos 6+250 e 8+390, ao seu paso por Bertamiráns.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello de Ames asinaron un convenio de colaboración para o acondicionamento do citado treito da estrada autonómica, de máis de 2 Km de lonxitude, entre a rotonda da autovía AG-56 ata o límite co municipio de Brión.

O Goberno galego financia este proxecto mediante a achega dun investimento de máis de 140.000 euros.

Os traballos consisten na reparación de brandóns e roturas coa fresadura do pavimento e reforzo do firme, así como o repintado das marcas viarias.

No marco deste acordo, o Concello de Ames executará os traballos e acepta a transferencia da titularidade do treito.

Segundo o artigo 9.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos que estean incluídos no inventario da súa Administración titular, deberán ser aprobados por decreto da Xunta.

O cambio de titularidade será efectivo o día seguinte ao da publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia*.

Esta colaboración do Goberno galego co concello de Ames trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que achegue unha maior calidade de vida á cidadanía.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA MELLORA DA CAPACIDADE E SEGURIDADE DA ESTRADA QUE UNE A AUTOVÍA FERROL-VILALBA E ORTIGUEIRA, CUN INVESTIMENTO DE 7,1 MILLÓNS DE EUROS

- *Trátase da primeira fase de acondicionamento do treito comprendido entre a AG-64 e Ponte Mera, ao seu paso polos concellos de San Sadurniño, Moeche e Cerdido*
- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten previsto licitar as obras este mes*
- *Os traballos centraranse na rectificación de curvas, ampliación da estrada e novo terceiro carril de adiantamento en 3,8km, así como na mellora do carril adicional actual sentido Ferrol*
- *Esta actuación enmárcase no conxunto de proxectos para mellorar as estradas das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal levados a cabo polo Goberno galego*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para executar o proxecto de mellora da capacidade e seguridade da estrada AC-862, que une a autovía Ferrol-Vilalba e Ortigueira.

O orzamento estimado desta intervención impulsada polo Goberno galego ascende a máis de 6,47 millóns de euros, aos que se engaden uns 677.000 para o pagamento das expropiacións dos 178 predios necesarios para a mellora da estrada de Ortigueira.

Trátase da primeira fase de acondicionamento do treito comprendido entre a AG-64 e Ponte Mera, ao seu paso polos concellos de San Sadurniño, Moeche e Cerdido.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten prevista a licitación do contrato de obras a finais deste mes de marzo.

En total, nesta primeira fase habilitarase un novo un terceiro carril de adiantamento ao longo de 3,8 km, ademais de mellorar o carril adicional actual existente en sentido Ferrol.

A actuación iniciase no punto quilométrico 17+500, unha vez superado o núcleo de San Sadurniño e tras deixar atrás o enlace coa AG-64.

As principais actuacións proxectadas son a corrección de trazados nos treitos curvos, mellora e redeseño das interseccións existentes de ser posible e o encaixe e dimensionamento de carrís lentos, naqueles treitos onde é viable. Tamén se prevé a revisión e acondicionamento da sinalización vertical e horizontal e a análise dos xiros á esquerda e da seguridade viaria.

Máis en concreto, as accións comezarán pola execución dun carril adicional sobre a calzada existente entre os puntos quilométricos 17+700 e 19+960, e a rectificación do trazado e construción dun carril adicional dos puntos 29+000 ata o 29+970.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Ademais, entre os puntos quilométricos 30+260 e 31+440, as obras darán continuidade ao treito anterior coa rectificación do trazado e engadindo un carril de adiantamento, completándose a intervención coa rectificación da curva situada entre os puntos quilométricos 34+380 e 34+924.

Cómpre sinalar que, tras o período de información pública e con base nas alegacións recibidas, neste proxecto decidiuse non incluír a glorieta do punto quilométrico 24+150, que, se é o caso, será obxecto dunha actuación independente.

Para a segunda fase, cuxo proxecto está en redacción, resérvanse as actuacións para executar entre os puntos quilométricos 37+340 e 42+380.

Esta actuación enmárcase no conxunto de proxectos para mellorar as estradas das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegaleira levados a cabo polo Goberno galego.

A continuación amósase un exemplo de treito do proxecto no que se rectifican curvas da estrada:





O GOBERNO GALEGO APROBA O DECRETO DE CREACIÓN DO CEIP NOVO MESOIRO (A CORUÑA), NO QUE EDUCACIÓN INVISTE 4,3 M€

- ***Este centro, que entrará en funcionamento o vindeiro setembro coincidindo co inicio do curso 2020-21, responde á demanda de escolarización desta zona da cidade, que contará con 450 novas prazas educativas***
- ***O equipo estará integrado por 28 docentes do corpo de mestres***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se crea o colexio de educación infantil e primaria Novo Mesoiro (A Coruña), un centro que entrará en servizo o vindeiro mes de setembro, coincidindo co inicio do curso escolar 2020-21.

A Consellería Educación, Universidade e Formación Profesional destina uns 4,3 millóns de euros á construción deste CEIP, que é un dos sete novos cuxa construción está programada para os próximos anos en Galicia, ademais do Centro Galego de Innovación da FP, que se vai construír en Ourense.

Respecto ao investimento total do CEIP Novo Mesoiro, aos 4,2 M€ da obra propiamente dita hai que engadir outros 75.000 euros en equipamento e case 34.000 euros de gastos de funcionamento o primeiro ano, ademais dos salarios dos 28 docentes do corpo de mestres e o corpo directivo que integran o plantel do profesorado, cuxos salarios absorben unha contía de máis de 1,2 millóns de euros/ano.

Esta nova infraestrutura educativa ocupa unha parcela de algo máis de 8.600 metros cadrados, no barrio de Novo Mesoiro, na parcela dos antigos hortos urbanos, e terá unha superficie útil construída de 3.100 metros cadrados. O colexio disporá de dúas unidades por cada curso, polo tanto, un total de 18 unidades, 6 aulas de infantil e 12 de primaria, cunha capacidade global de 450 alumnos cando estea plenamente operativo.

Así mesmo, disporá de dúas pistas polideportivas de 40x20 metros, unha delas cuberta; e cumprirá tamén con todos os requisitos de accesibilidade para o correcto uso e funcionamento do colexio.

O centro contará cunha aula de música, unha aula de informática, unha sala de usos múltiples, un comedor e un ximnasio con vestiarios. Polo demais, o CEIP cumprirá con todos os estándares do máximo nivel en canto a equipamentos, espazos e superficies tanto exteriores como interiores para que a actividade docente poida desenvolverse do mellor xeito posible.

Canto ao estado da obra, nestes momentos está rematada a estrutura, a cuberta e o pechamento, polo que restan de colocar as carpinterías de ventás e portas exteriores do edificio principal. No interior do edificio estanse levando a cabo os traballos do chan e falsos teitos e instalacións; e queda pendente cubrir a pista, que agora mesmo está en estrutura.



A XUNTA ADOPTA MEDIDAS PREVENTIVAS ESPECIAIS EN EDUCACIÓN, DEPORTES, RESIDENCIAS DE MAIORES E ACTIVIDADES DE OCIO

- ***A vixencia destas medidas é de 14 días naturais e revisaranse ao finalizar este prazo podendo ser prorrogadas***
- ***Acórdase o peche dos centros sociocomunitarios e limitaranse as actividades e as visitas nas residencias e centros de día***
- ***No eido educativo suspéndese todo tipo de actividade lectiva regrada en todas as etapas educativas, así como as actividades extraescolares***
- ***Nas actividades colectivas en espazos pechados, non poderá superarse un terzo do aforo cando haxa máis de 50 persoas e prohíbense aquelas que impliquen máis de 500; esta cifra tampouco poderá superarse en espazos abertos***
- ***Tamén se inclúe a decisión de celebrar a porta pechada os grandes eventos deportivos***

O Consello da Xunta acordou esta mañá un paquete de medidas preventivas especiais en materia de Saúde Pública para os vindeiros 14 días. Como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, e ante a recente declaración da Organización Mundial da Saúde (OMS) como pandemia, Galicia adopta estas medidas co obxectivo de manter unhas boas prácticas de prevención e contención da enfermidade.

As medidas previstas terán unha vixencia de 14 días naturais, sen prexuízo da súa prórroga e revisión transcorrido este prazo.

Eido das residencias de maiores

A Xunta acorda o peche dos centros sociocomunitarios e tamén a suspensión das actividades nos centros de día e residenciais que supoñan o acceso de persoas externas a estes centros.

Así mesmo, no día de hoxe entrou en vigor a limitación das visitas aos centros residenciais. Permítese só visitas dunha soa persoa e restrínxese, con carácter xeral, o acceso aos centros das persoas maiores de setenta anos e de persoas con síntomas respiratorios, febre ou patoloxías cardíacas ou respiratorias previas.

Entre outras actuacións, aconséllase extremar as medidas de limpeza e extremar as medidas de precaución nos ingresos de residentes novos. Tamén se acorda limitar a presenza de residentes en actividades, e distribuílos de xeito que se reduza a presenza de persoas en espazos pechados.

Eido educativo

No ámbito da educación o Goberno galego decide a suspensión da actividade lectiva regrada a partir do luns, día 16, en todas as etapas educativas e ensinanza, así como das

actividades extraescolares (incluídos servizos complementarios, viaxes ou excursións e eventos) durante 14 días.

O persoal docente e non docente deberá acudir ao centro educativo e, en función dos niveis educativos e dos medios tecnolóxicos dispoñibles, realizarán actividade co alumnado de xeito telemático.

Ademais, quedan suspendidas todas as prácticas do alumnado dos ciclos de formación profesional en empresas e centros de traballo.

Así mesmo queda suspendida toda actividade de formación do profesorado que teña carácter presencial.

No ensino universitario tamén se suspende toda actividade académica, así como os servizos comúns en residencias, aínda que permanecerán abertas. Canto ás bibliotecas universitarias, poderán admitir alumnado ata un terzo do seu aforo, conforme as instrucións reitorais.

Eido das actividades deportivas

O Goberno galego acordou suspender ou celebrar a porta pechada todas as actividades deportivas, incluíndo as municipais, que conleven asistencia de público. Adoptouse tamén a suspensión da actividade do programa Xogade.

Ademais, celebrarase a porta pechada a actividade oficial autonómica, nomeadamente a correspondente ás federacións deportivas galegas. Non obstante, os organizadores poderán adoptar alternativamente o aprazamento ou a suspensión da mesma a fin de minimizar prexuízos a clubs e deportistas.

Outras actividades de ocio, culturais e similares

Así mesmo, péchanse ao público as bibliotecas, museos, arquivos e outros equipamentos culturais dependentes da administración autonómica. E recoméndase ás demais administracións titulares de equipamentos culturais, a adopción de medidas semellantes.

No acordo ratificado hoxe en Consello da Xunta inclúense limitacións ás actividades colectivas. Suspéndese a celebración de espectáculos públicos e recreativos con máis de 500 persoas en espazos pechados. En caso de estar por debaixo deste límite poderán celebrarse sempre que non se supere un terzo do aforo autorizado, aplicando as medidas de distanciamento entre as persoas conforme as recomendacións sanitarias. Esta limitación non afectará a espazos pechados cun aforo igual ou inferior a 50 persoas.

Recoméndase a suspensión da celebración de actividades colectivas ao aire libre. En todo caso, suspéndense aquelas que concentren a máis de 500 persoas.

O persoal encargado da vixilancia e seguridade dos eventos poderá impoñer limitacións de acceso ou permanencia nos establecementos a aquelas persoas que presenten unha



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

sintomatoloxía compatible cunha infección por coronavirus a efectos de protexer ao resto de espectadores.

En calquera caso, outros eventos que comporten un gran movemento de poboación poderán valorarse caso a caso e ser obxecto de resolución individual por parte da autoridade sanitaria.



UNIÃO EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

O CONSELLO DA XUNTA APROBA UN PROTOCOLO DESTINADO AO PERSOAL EMPREGADO PÚBLICO ANTE O CORONAVIRUS

- ***O protocolo recolle a posibilidade de ausentarse do traballo a persoal especialmente sensible, sempre que haxa unha recomendación sanitaria que así o indique***
- ***No caso de producirse peches de centros educativos ou de maiores, o persoal empregado público poderá acollerse a medidas de flexibilidade para atender ás persoas ao seu cargo***
- ***Habilítase tamén a posibilidade de teletraballar nos diversos centros, de ser necesario***
- ***Tomaranse medidas de especial precaución nos rexistros, co reforzo da limpeza e o mantemento das distancias de seguridade***

O Consello da Xunta aprobou hoxe un protocolo de actuación destinado ao persoal empregado público en relación ao coronavirus. No documento, recóllense desde medidas xerais para protexerse e recoñecer a enfermidade, ata medidas específicas para facer fronte ás posibles continxencias que poidan xurdir na Administración autonómica.

O Protocolo inclúe as medidas a tomar ante distintos escenarios hipotéticos. As medidas estarán sempre suxeitas ás recomendacións das autoridades sanitarias nese momento e terán que ser autorizadas polos órganos de persoal correspondentes.

Así, entre outras directrices, o documento inclúe un apartado dirixido ao persoal empregado público que teña ao seu cargo menores ou persoas dependentes e que poidan verse afectados por un hipotético peche de centros educativos ou de maiores. Nestes casos, poderanse adoptar medidas especiais de flexibilidade da xornada laboral, sen suxeición aos límites horarios previstos na normativa. De ser imprescindible, tamén se permitirá a presenza do persoal no seu domicilio. En caso de que ambos proxenitores ou responsables teñan a condición de empregados públicos non poderán empregar estas medidas de forma simultánea.

O documento tamén permitirá que persoal especialmente sensible poida ausentarse do seu posto de traballo se hai unha recomendación sanitaria que así o indique. Isto incluíría a persoas con patoloxías concurrentes ou enfermidades crónicas, mulleres embarazadas ou persoas con fillos menores de idade e/ou persoas dependentes ao seu cargo.

Ademais, se nalgún momento as recomendacións sanitarias o aconsellasen, desde a Xunta poderanse adoptar medidas de posta en marcha de teletraballo para preservar a saúde da persoas dos distintos centros.

Nesta modalidade, o teletraballador/a deberá estar dispoñible durante a súa xornada laboral e ter activado o correo electrónico corporativo e/ou o teléfono móbil indicado para tal efecto.

Ademais, quedarán garantidas as condicións exixidas en materia de prevención de riscos laborais, de seguridade social, e de protección de datos.

Os titulares dos centros directivos onde se presten os servizos acordarán estas autorizacións, que terán carácter excepcional, e deberán dar conta á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e á Dirección Xeral de Función Pública. No caso dos empregados que xa tiveran recoñecida a prestación de servizos a través do teletraballo, será susceptible de ampliación o réxime ordinario desta autorización se fose necesario. Pola súa parte, a Administración autonómica comunicará ás organizacións sindicais da Mesa de Persoal Empregado Público da Xunta as autorizacións de teletraballo concedidas.

En consecuencia, e se foran aplicadas calquera de estas medidas, o Protocolo recolle que o órgano afectado poderá proceder a reorganizar as quendas de traballo que sexan necesarias.

Rexistros e atención á cidadanía

O documento recolle medidas específicas de actuación para as Oficinas de rexistro e atención á cidadanía. Ademais de trasladar toda a información necesaria ao persoal, incidindo nas medidas hixiénicas, reforzase a limpeza das instalacións con produtos desinfectantes e disporase dos elementos necesarios de hixiene, como o xel hidroalcohólico e xabón. Neste ámbito, tamén se lle facilitará ao persoal que atende ao público o acceso aos aseos co obxectivo de que poidan lavar as mans coa frecuencia que precisen.

Ademais, disporase dunha distancia de polo menos un metro co público e evitase o contacto físico. Tamén se controlará, na medida do posible, a afluencia de público co fin de evitar aglomeracións nas zonas de espera. De haber persoal especialmente sensible nestas oficinas, deberán comunicalo ao seu superior para adoptar as medidas específicas necesarias para o seu caso.

Síntomas no posto de traballo

O Protocolo aprobado hoxe inclúe tamén instrucións sobre como debe proceder o empregado/a público no caso de presentar algún síntoma. Se os síntomas aparecen no seu domicilio, deberá comunicalo ao 061 -tal e como estableceron as autoridades sanitarias- e non acudir ao centro de traballo. Deberá comunicar á súa unidade a situación e a súa ausencia será considerada como xustificada.

Se os síntomas aparecen no posto de traballo, o empregado deberá informar ao seu superior, trasladarse de inmediato a un espazo cerrado e porase en contacto con 061 para adoptar as medidas que indiquen as autoridades sanitarias. Os responsables de persoal serán os encargados de ditar as instrucións para ventilar ben o espazo e que se limpe cunha solución de hipoclorito sódico.

O resto de empregados que compartan espazo de traballo adoptarán as medidas preventivas que se fixen desde o órgano competente da Consellería de Sanidade.

A XUNTA REFORZA A ATENCIÓN AOS PEREGRINOS Á SÚA CHEGADA A SANTIAGO CUN NOVO IMPULSO AO CENTRO INTERNACIONAL DE ACOLLIDA

- ***O Goberno galego renova o seu compromiso coa Catedral contribuíndo ao funcionamento dun espazo polo que en 2019 pasaron preto de 350.000 peregrinos***
- ***Tras colaborar con máis de 2M€ na rehabilitación desta infraestrutura, a Xunta avanza no seu compromiso de seguir mellorando a acollida do Camiño***

A Xunta de Galicia reforza o seu compromiso coa hospitalidade e calidade no Camiño de Santiago tras aprobar hoxe en Consello da Xunta a reedición do acordo que mantén coa Catedral de Santiago para contribuír ao funcionamento do Centro Internacional de Acollida ao Peregrino, un lugar polo que en 2019 pasaron preto de 350.000 peregrinos, un 6% máis que o ano anterior.

Na antesala do Xacobeo 2021, a Xunta e a Catedral volven asinar en 2020 este acordo que está a permitir garantir o desenvolvemento das actividades do Centro Internacional de Acollida ao Peregrino, un espazo que, ademais de ser o lugar onde se expiden as *Compostelas* e realizar un importante labor de asesoramento e información a todas as persoas que realizan a Ruta Xacobeá, exerce como punto de encontro das asociacións de amigos do Camiño, constitúe a sede da Cátedra do Camiño de Santiago e as Peregrinacións da USC e acolle diferentes actividades divulgativas e de investigación vinculadas ao fenómeno das peregrinacións a Santiago.

Esta colaboración suporá unha nova achega de 300.000 euros que se suman aos máis de 2 millóns investidos na súa rehabilitación para facer posible a posta en marcha desta infraestrutura e ás posteriores colaboracións anuais para o funcionamento do edificio, que se manteñen de xeito ininterrompido desde o ano 2016.

Melloras nos accesos e Monte do Gozo

A Xunta dá un paso máis para seguir reforzando a marca Galicia como destino hospitalario e para seguir traballando na mellora da acollida aos peregrinos á súa chegada a Santiago. Avánzase na consecución dun dos compromisos do Plan estratéxico do Xacobeo 2021, que indica que os propios peregrinos valoran con 8,51 puntos a acollida en Compostela.

Neste eido, cómpre recordar os investimentos en marcha, con máis de 17 millóns para a restauración da Catedral, que encara con éxito a súa recta final, o Plan de revitalización do Monte do Gozo ou a renovación dos accesos nos distintos Camiños.



A XUNTA DUPLICA A SÚA ACHEGA AO SECTOR TURÍSTICO PARA AVANZAR NA SÚA PROFESIONALIZACIÓN DE CARA AO PRÓXIMO CICLO XACOBEO

- ***O Consello autoriza un convenio co Clúster Turismo de Galicia por importe de 210.000 euros para a mellora da competitividade das empresas adheridas***
- ***Esta acción enmárcase na aposta do Executivo autonómico por fomentar un turismo de calidade e excelencia, apostando polo fortalecemento do sector***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio co Clúster Turismo de Galicia para avanzar na profesionalización e a mellora da competitividade do sector de cara ao próximo ciclo xacobeo. En virtude deste acordo, o Goberno galego investirá 210.000 euros nos próximos tres anos (70.000 por anualidade), duplicando así a achega realizada ata o de agora para a posta en marcha de actividades que permitan avanzar no fortalecemento do sector, fomentando o seu asociacionismo e facilitando o seu acceso ao financiamento, formación e promoción.

En concreto, o acordo permitirá, entre outras medidas, apoiar a xestión ordinaria do Clúster Turismo de Galicia, impulsar xornadas multisectoriais e grupos de traballo no seo da cadea de valor do sector, realizar actividades de comunicación e sensibilización sobre a importancia do turismo como sector económico en Galicia, así como a posta en marcha doutras accións de colaboración coa Administración autonómica.

A través desta acción, a Xunta reforza o seu apoio ao Clúster Turismo de Galicia, unha organización conformada por 72 entidades entre federacións, consorcios e asociacións provinciais e autonómicas ao longo de todo o territorio que representan o 95% do sector turístico de Galicia e que agrupa, ademais, a máis de 7.000 empresas.

Así pois, a sinatura deste acordo permitirá seguir fortalecendo o sector turístico coa ollada posta no próximo Xacobeo 2021 e os anos posteriores. Cómpre subliñar que na actualidade, este sector representa o 10,4% do Produto Interior Bruto Galego e o 11% do total dos postos de traballo da Comunidade.

Colaboración público-privada

Precisamente, o impulso e fortalecemento do sector e a colaboración público privada son uns dos piares do modelo turístico galego, baseado na calidade e a excelencia. De feito, a nosa Comunidade pechou o ano pasado rexistrando cifras récord nos principais parámetros cuantitativos, como os ingresos hoteleiros, que acadaron a cifra máis elevada da súa historia superando os 314 millóns de euros, e rexistrando melloras na rendibilidade ou as tarifas hoteleiras.

No marco desta aposta permanente pola calidade, a Xunta de Galicia puxo en marcha diferentes proxectos no último ano. Entre eles destaca o recente Plan de Formación do Sector Turístico en colaboración coa USC que permitirá mellorar a cualificación dos profesionais que traballan neste eido. Do mesmo xeito, o Goberno galego asinou acordo co



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Instituto para a Calidade Turística Española (ICTE) para permitir que albergues ou espazos singulares da Ruta Xacobeá poidan optar ao recoñecemento Q de Calidade. Precisamente, tamén se incrementaron nun 30% as axudas para optar a este recoñecemento e abriuse unha liña de apoio específica dotada con 1,5 millóns de euros para mellorar a calidade dos establecementos de restauración e aloxamento.



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

A XUNTA DEDICA 805.000 EUROS A RENOVAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN JOSEP CARRERAS PARA FOMENTAR A DOAZÓN DE MEDULA ÓSEA

- ***Durante 2019 leváronse a cabo en Galicia un total de 205 transplantes de medula ósea dos que 33 foron de pacientes non emparentados***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a renovación do convenio de colaboración que o Servizo Galego de Saúde, a través da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS), ten coa Fundación Josep Carreras. O obxectivo deste convenio é que se poida localizar un doador de medula ósea compatible para calquera paciente galego que o precise, buscando tanto no noso país como acudindo ao resto de rexistros mundiais se fose necesario.

O presuposto estimado para o desenvolvemento deste convenio ascende á cantidade de 805.000 euros, o que supón un aumento do 6,1% respecto do orzamento de 2019.

O Sergas realizou no ano 2019 un total de 33 transplantes de medula ósea de pacientes non emparentados. Tamén se realizaron 26 transplantes de pacientes emparentados e 146 autólogos ou autotransplantes, o que fai un total de 205 transplantes de medula en Galicia durante o ano pasado

Desde que se comezaron a realizar en Galicia, xa se teñen levado a cabo 3.414 transplantes de medula ósea na nosa comunidade

Tres tipos de transplantes de médula

Existen tres tipos diferentes de transplantes de medula, tamén chamados de proxenitores hematopoéticos: autólogo, aloxénico emparentado e aloxénico non emparentado. Os transplantes autólogos son aqueles nos que se usan as células do propio paciente. Neles realízase a extracción deste tipo de células, que se tratan con medicación e que se utilizan para o tratamento do propio paciente.

Os transplantes aloxénicos emparentados son aqueles nos que os doadores das células son familiares dos pacientes que son compatibles (algo que só sucede nun 25-30% dos casos); e os transplantes aloxénicos non emparentados son aqueles nos que non se poden usar as células propias do paciente e non hai un doador compatible dentro da familia. Cando isto sucede, recórrese aos rexistros nacionais de doadores non emparentados e de unidades de sangue de cordón umbilical, de forma que cando un paciente necesita un transplante e non ten un familiar compatible recórrese ao Rexistro Español de Doadores de Medula Ósea (REDMO).

No caso de non atopar un doador nel, o REDMO conecta de forma automática co resto de rexistros internacionais de doadores de medula ósea e bancos de sangue de cordón umbilical, que agrupa a través do Bone Marrow Donors Worldwide (BMDW). En España isto



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

faise a través da Fundación Josep Carreras, que é o rexistro que está autorizado no noso país para tal fin.





OS SERVIZOS DE SAÚDE GALEGO E VASCO COLABORARÁN NA DISTRIBUCIÓN DE MÁSCARAS SANITARIAS PARA FACER FRONTE AO CORONAVIRUS

- **O Sergas recibirá un total de 70.000 máscaras entre marzo e xuño**
- **O Goberno galego investirá máis de 230.000 euros**

O consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio entre o Servizo Galego de Saúde e Osakidetza (servizo vasco de saúde) para incrementar a dotación de máscaras para facer fronte á epidemia de coronavirus COVID-19.

O Sergas accederá, mediante este convenio, a un *stock* de 70.000 máscaras sanitarias que se subministrarán entre os meses de marzo e xuño.

Osakidetza pechou o pasado 2 de marzo un contrato coa empresa Nueva Sibol para a provisión de 500.000 máscaras FFP2 e FFP3 entre os meses de marzo e xuño de 2020. Entre os compromisos do contrato establécese que Osakidetza debía comprometerse a adquirir o total do lote sen prexuízo de que posteriormente facilitase este material a outros servizos públicos de saúde.

O Sergas trasladou a Osakidetza a necesidade de contar co número máximo excedente deste *stock*, que ambos servizos de saúde determinaron en 70.000 unidades.

O convenio autorizado esta mañá ten por obxecto posibilitar o acceso do Sergas ao compromiso xerado entre Osakidetza e a empresa Nueva SIBOL.

A XUNTA HABILITA OS FONDOS E OS MECANISMOS PARA A IMPLANTACIÓN DA GRATUIDADE DAS ESCOLAS INFANTÍS PRIVADAS PARA SEGUNDOS FILLOS E SUCESIVOS

- ***O investimento autorizado polo Goberno galego é de 6,5 millóns de euros que beneficiará ás preto de 200 escolas infantís privadas de Galicia***
- ***Financiarase o 100% da mensualidade que estaban a cobrar pola atención educativa, ata un máximo de 260 euros por cada praza a xornada completa***
- ***Tamén se bonificará o 100% do custo da matrícula para o curso 2020/21 ata un máximo de 200 euros***
- ***A gratuidade tamén se estenderá ás 143 escolas infantís municipais desde o 1 de abril***

O Consello da Xunta habilitou os fondos e os mecanismos para a implantación da gratuidade das escolas infantís privadas para segundos fillos e sucesivos que se comezará a aplicar a partir do 1 de abril. O investimento autorizado polo Goberno galego é de 6,5 millóns de euros que será ampliable en caso de que sexa necesario para que as preto de 200 escolas infantís privadas de Galicia poidan introducir esta medida.

Esta iniciativa beneficiará arredor de 5000 fogares galegos que non terán que facer ningunha xestión. A Xunta de Galicia financiará aos centros privados o 100% da mensualidade que estaban a cobrar pola atención educativa, ata un máximo de 260 euros por cada praza a xornada completa. Ademais, tamén se bonificará o 100% do custo de matrícula para o curso 2020/21, ata un máximo de 200 euros.

Para facilitar o funcionamento económico das escolas, vaise conceder un anticipo do 90% da cantidade que lles corresponda, que se fará efectivo a partir de que se lles notifique que reciben a axuda. Trátase, ademais, dunha orde de axudas de concorrencia non competitiva, polo que se beneficiarán dela todos aqueles centros que cumpran os requisitos.

As escolas infantís teñen un mes desde que se publique a orde no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) para solicitar a axuda, pero xa poderán implantar a gratuidade a partir do 1 de abril, pois, se cumpren os requisitos, recibirán o financiamento.

Escolas infantís municipais

Esta iniciativa xa contaba coa normativa necesaria para a súa implantación nos centros de titularidade autonómica e de iniciativa social. Ademais, o Executivo galego vai estender ás 143 escolas infantís municipais a introdución desta medida desde o 1 de abril. Un adianto, xa que inicialmente estaba previsto para o vindeiro curso, que beneficiará a unhas 3500 familias de Galicia. Os concellos deberán realizar os cambios necesarios nas súas ordenanzas para que a gratuidade poida implantarse nas vindeiras semanas. A Xunta fará un primeiro pagamento para facer fronte a esta iniciativa o vindeiro 1 de xullo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Aqueles municipios que teñen escolas infantís municipais e que non están ao día do seu cofinanciamento co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, como son Vigo, A Coruña e Betanzos, poderán implantar a medida con efectos inmediatos para non prexudicar as familias usuarias, pero antes de que a Xunta lles ingrese o financiamento deberán satisfacer as súas débedas.

Durante este 2020, o Executivo autonómico dedicará máis de 2 millóns de euros a financiar a gratuidade nas escolas infantís municipais. Deste xeito, o 100% das familias galegas con dous ou máis fillos poderán beneficiarse de vivir na única comunidade que lles ofrece a educación infantil gratuíta, sexa cal sexa a escola que escolleron.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA UN ORZAMENTO DE 602.000 EUROS PARA AMPLIAR OS INCENTIVOS Á COMPRA DE TAXIS ADAPTADOS Á MOBILIDADE REDUCIDA, DE BAIXAS EMISIÓNS OU ELÉCTRICOS

- ***A Xunta amplifica a convocatoria publicada no DOG o 22 de xaneiro, dotada de 350.000 euros, e pon á disposición do sector un total de 952.000 euros en axudas***
- ***O Goberno galego xa recibiu 179 solicitudes relativas á última convocatoria, superándose o orzamento dispoñible, o que fai preciso aumentar o crédito para dar resposta ás necesidades destes profesionais***
- ***As subvencións son de ata 4.000 euros para os taxis de baixas emisións, 6.000 euros no caso de vehículos de emisións cero e 10.000 euros para coches adaptados e accesibles a persoas con mobilidade reducida***
- ***O prazo de presentación de solicitudes continúa aberto, ata o vindeiro 30 de xuño***
- ***A Xunta leva investido 1,6 millóns de euros desde 2016 nestes incentivos, que xa facilitaron a compra de 160 taxis adaptados á mobilidade reducida***
- ***Estas medidas teñen como obxectivos incrementar a competitividade dun sector do que dependen case 4.000 familias galegas, facilitarlle a vida ás persoas con mobilidade reducida e fomentar unha mobilidade menos contaminante***

O Consello da Xunta dálle luz verde á ampliación do crédito para a concesión de incentivos ao sector do taxi para a adquisición de vehículos adaptados a persoas con mobilidade reducida e de baixas ou cero emisións, cun orzamento de 602.000 euros.

Con esta autorización, a Xunta amplifica a convocatoria publicada no *Diario Oficial de Galicia* o pasado 22 de xaneiro, dotada dun importe de 350.000 euros, e pon a disposición deste colectivo unha partida dun total de 952.000 euros.

Con base nesta convocatoria de xaneiro, a Dirección Xeral de Mobilidade xa ten recibido 179 solicitudes de subvencións, superándose o número para o que existe cobertura orzamentaria.

Neste sentido, o Consello da Xunta de hoxe incrementa o investimento para poder responder ás necesidades reais dos profesionais do taxi e facilitarlles a adquisición deste tipo de vehículos.

As subvencións son de ata 4.000 euros para os taxis de baixas emisións, 6.000 euros no caso de vehículos de emisións cero e 10.000 euros para coches adaptados e accesibles a persoas con mobilidade reducida.

Unha vez efectuada esta ampliación de crédito, a iniciativa da Xunta permitirá atender 32 solicitudes de axudas para vehículos adaptados á mobilidade reducida, 128 para taxis ECO e 20 para coches de cero emisións.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O prazo de presentación de solicitudes continúa aberto, ata o vindeiro 30 de xuño, nos mesmos termos establecidos na orde de convocatoria destas axudas.

O Executivo autonómico leva catro anos consecutivos, desde 2016, poñendo ao servizo do sector do taxi estes incentivos para a adquisición de vehículos adaptados. Estas subvencións, nas que o Goberno galego leva investido 1,6 millóns de euros, xa facilitaron a compra de 160 taxis para o transporte de persoas con mobilidade reducida.

Estas medidas teñen como obxectivos incrementar a competitividade deste sector do que dependen case 4.000 familias galegas, pero tamén de facilitarlle a vida ás persoas con mobilidade reducida e contribuír ao ambiente, fomentando unha mobilidade menos contaminante.

A XUNTA DESTINA 29,2M€ A UN PROGRAMA PARA A FORMACIÓN E O EMPRENDEMENTO CO OBXECTIVO DE MELLORAR A OFERTA E CALIDADE DAS ACTIVIDADES VINCULADAS AO CAMIÑO DE SANTIAGO

- ***O Consello da Xunta avaliou hoxe esta nova medida que pretende chegar ata 2022 a máis de 70.000 persoas e 15.000 empresas de 138 concellos galegos do Camiño***
- ***O programa conta cunha liña de formación par ao emprego centrada en hostalería e turismo que se complementará con outros coñecementos como os idiomas; e outra liña de titorización personalizada para a posta en marcha de proxectos***
- ***Preténdese reforzar os servizos que se ofrecen a visitantes e turistas á vez que se contribúe a impulsar a economía local, mellorando a empregabilidade da veciñanza e fixando poboación no rural***

A Xunta de Galicia vén de avaliar no Consello a posta en marcha do programa *Formación no Camiño* que, entre 2020 e 2022, porá en marcha dúas liñas de axuda tanto para a formación de ocupados e desempregados como para o asesoramento a emprendedores e autónomos co obxectivo de mellorar a oferta e a calidade das actividades vinculadas ao Camiño de Santiago.

Con esta nova iniciativa, a Xunta pretende chegar a 70.000 beneficiarios e 15.000 empresas de 138 concellos -o 63% dos municipios son do rural- nos que habitan 1,9 millóns de persoas. Preténdese, deste xeito, apoiar a celebración do Xacobeo 2021 para que sexa o mellor da historia, á vez que se impulsa a marca Galicia Calidade e se aposta polo rural galego.

O programa conta cunha primeira liña de formación profesional para o emprego vinculada ao sector turístico dirixida tanto a persoas desempregadas como ocupadas e que se impartirá en centros da Xunta e entidades formativas privadas. Ofreceranse cursos de hostalería e turismo que se complementarán coa ensinanza de idiomas, manipulación de alimentos, informática, creación de empresas, prevención de riscos laborais, sensibilización ambiental ou igualdade. Tamén se afondará en nocións de emprendemento, administración e xestión, ademais de comercio e márketing.

Deste xeito, a formación impartida beneficiará sectores de actividade como os servizos de aloxamento, comidas e bebidas; axencias de viaxes e operadores turísticos; ou transporte de viaxeiros, entre outras actividades turísticas.

Por outra parte, o programa conta con outra liña de titorización personalizada para autónomos e emprendedores, co obxectivo de poñer en marcha proxectos de mellora enfocados á profesionalización da xestión no negocio dos autónomos que formen parte da oferta turística existente no Camiño ou de emprendedores que teñan iniciativas en marcha nese ámbito.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Conta con tres fases: unha inicial de diagnose do negocio ou iniciativa emprendedora, outra de formulación dun plan de mellora individualizado, e unha fase final de titorización do itinerario de mellora.

Con este novo programa, o Goberno galego reforza os servizos que visitantes e turistas atoparán nos dez itinerarios do Camiño de Santiago para profesionalizar a oferta turística e mellorar a súa calidade; incrementar a demanda turística arredor deste evento; e mellorar a capacitación dos profesionais galegos relacionados co Camiño. Pola súa vez, esta iniciativa permitirá impulsar a economía local, fixar poboación no rural e mellorar a empregabilidade das persoas que viven nos concellos destinatarios destas accións.



A XUNTA PON EN MARCHA AXUDAS PARA CREAR SERVIZOS DE CONCILIACIÓN NAS EMPRESAS CO FIN DE QUE OS SEUS TRABALLADORES POIDAN COMPATIBILIZAR AS OBRIGAS LABORAIS COAS FAMILIARES

- ***A través da iniciativa Concilia + empresa destínanse 300.000 euros a axudar ás empresas a financiar programas para que as nenas e nenos de ata 12 anos dos seus cadros de persoal estean atendidos durante a xornada laboral***
- ***Serán as propias empresas, de acordo co seu persoal empregado, as que decidan o tipo de recurso: servizos de atención e coidado, actividades de ocio e tempo libre en días non lectivos e durante as vacacións escolares ou servizos complementarios fóra do horario escolar lectivo***
- ***Neste primeiro ano financiarase un máximo de 15 proxectos e terase en conta o número de traballadoras e traballadores beneficiados; o tempo durante o que se desenvolverá a actuación; e o tamaño do concello, primando a aqueles de menos de 5000 habitantes onde adoitan existir menos opcións de conciliación***

O Consello da Xunta deu conta hoxe dun novo programa para a posta en marcha de servizos de conciliación nas empresas que permitan aos seus cadros de persoal compatibilizar mellor as súas obrigas laborais coas familiares. Trátase da iniciativa *Concilia + empresa*, que axudará ás empresas asentadas en Galicia a financiar programas para que as nenas e nenos de ata 12 anos das súas traballadoras e traballadores estean atendidos durante toda a xornada laboral.

Este nova orde de axudas, pioneira en España e que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) en próximas datas, estará dotada de 300.000 euros. Serán as empresa, de acordo co seu persoal, as que decidan o tipo de actividades que se desenvolverán en función das necesidades de cada unha: servizos de atención e coidado; actividades de ocio e tempo libre en días non lectivos e durante as vacacións escolares e servizos complementarios fóra do horario escolar lectivo.

A través de *Concilia + empresa* financiaranse os gastos de persoal dos profesionais contratados para facilitar a conciliación, incluída a cotización empresarial; así como a contratación de servizos de atención específicos por medio dunha entidade externa. Subvencionarase ata o 100% do custo total, cun límite máximo de 20.000 euros para proxectos presentados por unha empresa de xeito individual e de 40.000 euros en caso de agrupacións de empresas.

Neste primeiro ano de implantación deste programa financiaranse un máximo de 15 proxectos. Trátase dunha orde de axudas de concorrencia competitiva, polo que á hora de seleccionar as propostas se terá en conta o número de traballadoras e traballadores beneficiados; o tempo durante o que se desenvolverá a actuación; e o tamaño do concello, primando a aqueles de menos de 5000 habitantes onde adoitan existir menos posibilidades de conciliación.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

As obrigas que asumen as empresas serán as de garantir que os espazos onde teñen lugar as actividades e o material que se usa cumpre coa normativa vixente; que o persoal destinado ás actividades posúa a formación e titulación requiridas e cumpra con todas as obrigas legais; e subscribir as pólizas de seguros que cubran as eventualidades que poidan xurdir.

Con *Concilia + empresa* a Xunta dá un paso importante para facilitar a conciliación das traballadoras e traballadores galegos, ofrecéndolles solucións flexibles, personalizadas e adaptadas a cada centro de traballo.

A XUNTA PORÁ EN MARCHA UN PLAN ESTRATÉXICO DE FORMACIÓN AGRARIA PARA IMPULSAR A REMUDA XERACIONAL NAS EXPLOTACIÓNS E MELLORAR A SUSTENTABILIDADE E A COMPETITIVIDADE DO SECTOR

- *En materia de formación regrada incrementarase a oferta con novos ciclos medios e superiores, tales como os de aproveitamento e conservación do medio natural no centro Pedro Murias de Ribadeo, os de aceites e viños en Monforte e o de seguridade e ambiente*
- *Ademais, reforzarase a formación dual, impulsarase a teleformación e elaborárase un plan de formación para o persoal dos diferentes centros*
- *Propóñense tamén uns 40 certificados de profesionalidade para a acreditación oficial das cualificacións e ata 19 puntos de formación continua para a habilitación no exercicio profesional ou para a incorporación ao sector agrario*

A Xunta, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), adscrita á Consellería do Medio Rural, elaborou un Plan estratéxico da formación agraria en Galicia que ten como principal obxectivo poñer á disposición do sector unha oferta que contribúa ao desenvolvemento sustentable do agro, que fomente a competitividade das empresas e que favoreza a remuda xeracional nas explotacións. Ao tempo, perséguese acadar un sector agrario máis equilibrado desde o punto de vista territorial -propiciando así a fixación da poboación- e ambiental.

Desta forma procúrase tamén a eficiencia na utilización de recursos e influír no comportamento ambiental para manter a sustentabilidade da economía rural. Outras finalidades desta planificación pasan por fomentar unha aprendizaxe permanente e a formación profesional no sector agroforestal, facilitar a entrada neste eido produtivo de agricultores adecuadamente formados e promover a inclusión social e o desenvolvemento económico das zonas rurais, entre outros aspectos.

O plan -do que hoxe foi informado o Consello do Goberno galego- vertebrouse nunha avaliación da situación xeral cos axentes do sector, na determinación das necesidades a satisfacer, nos obxectivos que se pretenden e nas actuacións a acometer para conseguilos. Incorporárase ademais unha descrición curricular, estruturando a formación agraria en tres liñas de actuación: a formación regrada, os certificados de profesionalidade e a formación continua.

Formación regrada

O primeiro destes ámbitos -a formación regrada-, impártese a través dos ciclos formativos de formación profesional de grao básico, medio e superior e a oferta de programas de FP básica. Ofértase nos seis centros de formación e experimentación agraria (CFEA) da Consellería do Medio Rural e tamén por parte das consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Economía, Emprego e Industria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Para reforzar este eido, a Xunta incrementará a súa oferta formativa mediante a potenciación do ciclo formativo de grao medio de técnico en produción agroecolóxica no CFEA de Sergude, no concello coruñés de Boqueixón. Ademais, facilitarase a oferta da modalidade de formación profesional dual, de xeito complementario coa ordinaria e modular para todos aqueles ciclos formativos nos que sexa posible intensificar aínda máis a retroalimentación necesaria entre a empresa e os centros formativos.

Así mesmo, está prevista a incorporación de dous novos ciclos formativos da familia profesional de Industrias alimentarias (o ciclo medio de Aceites de oliva e viños e o ciclo superior de Viticultura no CFEA de Monforte) e dun novo ciclo superior da familia profesional de Seguridade e ambiente, denominado Educación e control ambiental, no CFEA de Lourizán. Así mesmo, implantarase o ciclo formativo de grao medio de aproveitamento e conservación do medio natural no CFEA Pedro Murias de Ribadeo.

Outra mellora será a potenciación no CFEA de Sergude do ciclo superior da familia profesional agraria denominado Xestión forestal e do medio natural. Isto último consolidará a posibilidade de acceder a un ciclo superior para todos aqueles alumnos que rematen o correspondente ciclo medio.

Ademais, elaborárase un plan de formación para o persoal dos diferentes centros e impulsárase a modalidade de teleformación, para poder compatibilizar as actividades laborais coas accións de mellora profesional, así como coa conciliación da vida familiar. Por iso, no plan propónse converter o CFEA de Monforte en centro especializado dentro desta modalidade.

Certificados de profesionalidade

Canto á segunda liña, no plan propóñense uns 40 certificados de profesionalidade e establécese a súa distribución segundo se consideren máis axeitados para cada un dos seis centros de formación. Estes certificados constitúen o instrumento de acreditación oficial das cualificacións profesionais e procuran tamén facilitar a aprendizaxe permanente de todos os cidadáns mediante unha formación aberta, flexible e accesible, favorecer a transparencia do mercado de traballo, ordenar a oferta formativa e contribuír á súa calidade.

Por último, a formación continua é impartida directamente pola Consellería do Medio Rural, así como a través das entidades colaboradoras autorizadas (organizacións profesionais, academias, fundacións ou asociacións). Son principalmente aqueles cursos que implican a obtención dun título habilitante ou esixible para o exercicio profesional ou a incorporación ao sector agrario, así como outros de carácter innovador, cada vez máis demandados.

Trátase, por exemplo, dos cursos de incorporación á empresa agraria requiridos aos agricultores mozos para poder percibir a axuda pola súa incorporación ao agro, dos cursos para usuarios de produtos fitosanitarios, de benestar animal, de produción integrada ou de seguridade laboral no sector agroforestal, entre outros. Neste caso, incorpórase ao plan un amplo catálogo de cursos de formación continua, estruturado en ata 19 materias diferentes



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

que se desenvolverán a través de diferentes formatos (cursos, xornadas, talleres etc.) e modalidades (presencial/semipresencial).

En síntese, a través deste Plan estratéxico trátase de salvagardar o modelo de formación agraria diferencial da Consellería do Medio Rural en Galicia, que se vertebra arredor dunha formación eminentemente práctica e aplicada, pois nos centros de formación impártese teoría pero, tamén, e sobre todo, práctica real ao contar con explotacións leiteiras propias (como por exemplo no CFEA de Sergude) ou explotacións forestais (como no CFEA de Lourizán).

